

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e dos seus deputados **David Rodríguez Estévez** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación ferroviaria do interior galego leva anos deteriorándose; desapareceron múltiples servizos ferroviarios, tanto de mobilidade de viaxeiras como de mercadorías, hai unha falta de mantemento da infraestrutura e un avellentamento do cadro de persoal, así como a súa diminución.

Ultimamente, aumentaron as avarías de trens e agravouse a falta de maquinistas na estación de Monforte. A falta de persoal faise patente cando, tras unha avaría, chega a xente en bus e non hai quen poida axudar coas maletas, nunha estación que non conta con ascensor para cruzar as vías.

Unha das reivindicacións urxentes da Plataforma ferroviaria de Monforte foi “o aumento das frecuencias e servizos rexionais que respondan ás necesidades reais que temos os e as usuarias. Cunha relación directa no traxecto Lugo-Monforte-Ourense-Vigo, con horarios que cubran as necesidades reais das persoas usuarias (un rexional que saia de Monforte ás 7:15 da mañá que poida enlazar co Avant 09480 das 7:55 de Ourense, podendo así estar á primeira hora da mañá en Santiago, 8:33, e A Coruña, 9:03, así como unha ligazón co último Avant 09201 con saída de Santiago ás 20:30 e chegada a Ourense ás 21:08). Na actualidade, para poder estar en Santiago ou A Coruña a primeira hora da mañá, é moi difícil enlazar con estes trens, sendo a única opción coller o Trenhotel das 6:15 h de Monforte (moito máis caro que un rexional); e para a volta dende Ourense non hai opcións, a non ser que se agarde ás doce da noite polo Trenhotel.



A situación das frecuencias e tipos de tren entre Monforte e Ourense fan inviable poder moverse para traballo ou estudos entre ambas cidades e con Santiago. Un novo servizo que permitise a conexión diaria cos AVANT de Ourense permitiría á mocidade e ás persoas en xeral estudar ou traballar en Ourense, Santiago ou Coruña sen ter que vivir alí, e facilitaría a mobilidade a estas cidades, dende o punto de vista do turismo ou as xestións administrativas.

A situación é tan esperpéntica que o persoal maquinista de RENFE de Monforte ten que ir nun taxis contratados pola empresa a Ourense cando ten que facer o servizo dos trens que saen en torno ás 8 h da cidade das Burgas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno do Estado para que, no prazo máximo de seis meses, dispoña de servizos de tren que enlacen a estación de FFCC de Monforte, ida e volta, co primeiro e último AVANT Ourense-Santiago-Coruña, isto é, o das 7:55 (saída de Ourense) e o das 21:08 (chegada a Ourense).

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Deputada, deputado e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/01/2020 17:37:25

David Rodríguez Estévez na data 23/01/2020 17:37:37





Luis Villares Naveira na data 23/01/2020 17:37:46

